

**Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88).**

Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88). Modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio) e polo Decreto 324/1996).

De conformidade coas competencias que en materia de educación ten atribuídas a nosa Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía o presente Decreto desenvolve o preceptuado no título terceiro da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

O procedemento electoral para a designación dos órganos unipersoais e colexiados dos centros educativos, así como as competencias dos primeiros e a composición e funcións do Consello Escolar e do Claustro de profesores estaba regulada polo Decreto 107/1986, do 10 de abril. A experiencia acadada durante o período de vixencia e as múltiples cuestións que houbo que resolver na aplicación desa normativa, aconsellan proceder á adaptación e modificación do Decreto 107/86 co fin de conseguir unha lexislación máis completa e eficaz no eido da administración educativa.

Tendo en conta que as modificacións que se efectúan afectan a numerosos artigos do Decreto 107/1986, e que resulta máis operativo que esta materia estea regulada nunha soa disposición legal, procédese á derogación do Decreto antes citado, tendo así carácter unitario a nova normativa que agora se dita.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu

Presidente, e a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteito de abril de mil novecentos oitenta e oito.

**DISPÓÑO:**

(Segundo o establecido na disposición derogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto), quedan derogados os artigos desde o 1 ó 28, ámbolos dous incluídos, deste Decreto).

**Procedemento de elección**

**Artigo 29.-** (Artigo redactado conforme ao Decreto 279/1990, do 27 de abril; DOG do 17 de maio).

O procedemento de elección dos membros do Consello Escolar dos centros públicos desenvolverase no primeiro trimestre do curso académico que corresponda, e dentro do período lectivo. A data de celebración das eleccións será fixada, con un mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O proceso de elección do director e a designación do equipo directivo deberá quedar cerrado na última semana de xuño do curso académico que corresponda.

**Artigo 30.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e, de se-lo caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes."

**Artigo 31.-** Serán competencias da citada xunta:

- a) Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflexar, en todo caso, nome apelidos dos electores.
- b) Concreta-lo calendario electoral, de acordo co establecido no artigo 29º do presente Regulamento.
- c) Ordena-lo proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidaturas.
- e) Promove-la constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- g) Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 32.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"1. Son electores e elixibles tódolos membros da comunidade escolar, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.

2. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días.

3. Pechado o prazo de admisión de candidatos, a xunta electoral fará publica a proclamación de candidatos.

4. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A xunta electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o delegado provincial da Consellería de Educación e O. Universitaria."

**Artigo 33.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"Na primeira constitución, e sempre que se produza unha renovación parcial, a xunta electoral solicitará do concello no que estea situado o centro, a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar."

### **Elección dos representantes do profesorado**

**Artigo 34.-** Os representantes do profesorado no Consello Escolar do centro serán elixidos polo Claustro de entre os membros do mesmo que fosen prodamados pola xunta electoral.

O voto será directo, secreto e non delegable.

**Artigo 35.-** O director do centro procederá a convoca-lo Claustro, para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ó procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como á relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral. Nesta sesión fixarase a data de celebración do Claustro, de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no Consello Escolar.

**Artigo 36.-** Nesa sesión do Claustro extraordinario constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

**Artigo 37.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos segundo corresponda a renovación de menos de tres, tres, catro, cinco ou mais de cinco profesores respectivamente. Serán elixidos os profesores e profesoras con maior número de votos. Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores e profesoras que corresponda, procederase

a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata alcanza-lo dito numero, sen prexuízo do disposto no artigo 53."

### Elección dos representantes dos pais

**Artigo 38.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ó pai e a nai, ou, se é o caso, ós titores legais."

**Artigo 39.-** A elección producirase ente os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

A mesa electoral encargarse de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.

**Artigo 40.-** Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

**Artigo 41.-** O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.

**Artigo 42.-** (Redactado conforme ó establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente."

### Elección dos representantes dos alumnos

**Artigo 43.-** (Redactado conforme ó establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"1. Tódolos alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribucións que lles corresponden ós seus membros; non obstante, os alumnos e alumnas do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección nin no cesamento do director ou directora.

2. Os alumnos e alumnas de educación primaria poderán participar no Consello Escolar nos termos que se estableza no correspondente Regulamento orgánico de escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria."

**Artigo 44.-** A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.

A Xunta electoral deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

**Artigo 45.-** (Redactado conforme ó establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente."

**Artigo 46.-** Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

### **Elección dos representantes do Personel de administración e servicios**

**Artigo 47.-** O representante do persoal de administración e servicios será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.

**Artigo 48.-** Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

**Artigo 49.-** O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación.

Nos centros docentes nos que exista un só membro correspondente a este sector quedará automaticamente integrado no Consello Escolar.

### **Finalización do procedemento**

**Artigo 50.-** (Redactado conforme ó establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"Cada mesa electoral, unha vez finalizada a votación correspondente, procedera ó escrutinio dos votos, que será público. Logo de efectuado, redactarase unha acta, que asinarán tódolos membros da mesa, na que se farán constar los representantes elixidos, co número de votos alcanzado por cada un e os nomes de tódolos non elixidos, con especificación dos votos obtidos en cada caso, para efectos de posibles substitucións futuras dos candidatos proclamados.

Os empates que se puidesen producir en número de votos dirimiranse en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo.

Darase traslado das actas a xunta electoral do centro."

**Artigo 51.-** Unha vez recibidas as actas, a xunta electoral do centro procederá á proclamación dos candidatos elixidos, dando traslado da copia das mesmas ó Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra as decisións da citada xunta poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución desta poñerá fin á vía administrativa.

Constitución do consello escolar do centro

**Artigo 52.-** O Consello Escolar constituirase, logo da convocatoria dos seus membros polo director do centro, dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos.

**Artigo 53.-** A falta de representantes dalgún dos sectores da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar.

**Artigo 54.-** (Derrogado segundo o establecido na disposición derogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, DOG do 9 de agosto).

**Artigo 55.-** (Redactado segundo o establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"1. Os membros electivos do Consello Escolar do centro renovaranse por metades de forma alternativa cada dous anos.

2. As baixas de conselleiros que se produzan antes da expiración do prazo para ocupar a praza para a que foron elixidos por deixar de reunir os requisitos necesarios para pertencer ó Consello Escolar ou por calquera outra circunstancia, producirán unha vacante que será cuberta polos candidatos seguintes de acordo co número de votos obtidos. Para estes efectos utilizarase a lista da última renovación parcial independentemente de que a vacante que se vai cubrir corresponda a unha renovación parcial anterior. No caso de que non houbese candidatos para cubrir a vacante, quedaría sen cubrir ata a próxima renovación do Consello Escolar.

3. As vacantes que non fosen cubertas dotaranse mediante elección na seguinte renovación parcial. As vacantes que se produzan a partir do mes de setembro anterior a calquera renovación parcial cubrirase na dita renovación e non por substitución.

4. No caso de que nunha renovación parcial haxa vacantes que pertencen a renovación parcial anterior, os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos máis votados e as vacantes, cos seguintes en número de votos. Estas últimas renovaranse na seguinte elección parcial."

**Artigos 56-61 e Disposicións adicionais** (Derrogados segundo o establecido na disposición derogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. DOG do 9 de agosto)

### Disposicións transitorias

**Primeira.-** Mentres non se aproben os cadros de persoal dos centros de Educación Preescolar e Educación Xeral Básica, a adscrición do profesorado ós distintos ciclos e áreas será competencia do director do centro, tendo en conta criterios de especialidade, titulación, antigüidade e continuidade no ciclo ou departamento.

**Segunda.-** Aos órganos unipersoais nomeados ó abeiro do establecido no Decreto 107/86, do 10 de abril, non lles será de aplicación o previsto no artigo 19º e) do presente Decreto, podendo continuar no desempeño dos seus cargos ata o termo dos tres anos para os que foron nomeados.

### Disposición derogatoria

Queda derrogado o Decreto 107/86, do 10 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario e tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ó establecido no mesmo.

### Disposicións derradeiras

**Primeira.-** Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar tódalas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste Decreto.

**Segunda.-** Este Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinteoito de abril de mil novecentos oitenta e oito.

Fernando Ignacio González Laxe. Presidente